



# A Mezquita

## Unhas pinceladas do Concello

O Concello de A Mezquita ten una delimitación xeográfica moi característica, denominada “O Penedo dos tres reinos”, sito no extremo sur oriental do concello.

A poboación está repartida en dez núcleos

- Manzalvos
- Cádavos
- Chaguazoso
- Castromil
- Esculqueira
- A Mezquita
- Santigoso
- Vilavella
- A Canda
- O Pereiro



Ten unha altitude media de 850 metros sobre o nivel do mar, cun relevo moi accidentado. Conta cun clima oceánico de montaña, de fortes contrastes, húmido e frío durante o inverno, e seco e templado no verán. Estas condicións plásmanse na vexetación, onde destacan grandes masa de castiñeiros, bedulos, piñeiros, e carballos. Nos cumios dominan os matoxos.

O Concello conta con varios ríos afluentes do Douro portugués.

A Mezquita é a porta de entrada a Galicia desde Castela e Portugal. Este feito refléxase no seu escudo.

## Unha mirada atrás

A historia da Mezquita estivo vencellada desde o megalítico á do norte de Portugal (Trás- os- Montes) e á de Sanabria, cos que compartiu a cultura predominante de vida pastoril.

A Mezquita tamén conta con restos da cultura castrexa, onde, comparando con outras localizacións, se aprecia unha alta densidade de castros en pouco espazo, algún deles de gran tamaño. Todo isto fai pensar que houbo unha alta densidade de poboación castrexa para unha zona periférica de alta montaña.

Este concello sempre foi unha zona de tránsito comercial, de contacto e de mutua influencia entre culturas. Na antigüidade estaba no límite entre os pobos galaicos e os ástures, na Idade Media era límite entre Galicia e Castela e Tras- os- Montes en Portugal, situación que se prolonga na actualidade.

Durante o período romano o territorio foi administrado polo goberno do *Conventus Bracarenensis*, con capital en *Bracara Augusta* (actual Braga), agás un anaco da zona noroeste do concello, baixo a administración do *Conventus Asturicensis*, con capital en *Asturica Augusta* (actual Astorga).

Na época medieval, A Mezquita foi parte das terras dos condes de Monterrei e dos Pimentel de Benavente. Xunto con Cádavos, A Esculqueira, Manzalvos, O Pereiro e Santigoso, pasou a formar parte dun señorío real do cal a vila de Vilavella foi a cabeceira. A parroquia de Chaguazoso era señorío do conde de Amarante, en tanto que a igrexa e a casa- pazo da Mezquita estaban entre as posesións dos marqueses de Láncara.

A comezos do século XIV está documentada a presenza en A Mezquita da Orde de Xerusalén ou do Temple, encargados de defender a Ruta Xacobeá Mozárabe, que entra en Galicia, procedente da Meseta e do Norte de Portugal.

O concello de A Mezquita viuse inmerso nas guerras de separación de Portugal durante o século XVII, e aínda despois de firmada a Paz en 1713, os portugueses chegaron ata O Pereiro para impedir o tráfico da Meseta. Tamén foi escenario de escaramuzas durante a Guerra de Independencia, como zona de entrada e retirada das tropas francesas ao mando do Mariscal Soult.

A aplicación do Tratado de Límites que puxo fin ás liortas sobre os pobos da fronteira, a epopea da construción do ferrocarril e a presenza dos maquis na posguerra son os últimos fitos históricos que caracterizan esta zona.

Durante a idade contemporánea a emigración afectou fortemente á zona. En Santiago de Chile hai unha colonia de descendentes de habitantes da parroquia de Chaguazoso de preto de 400 persoas.

## *Onde perderse*

### ✓ *Xoias naturais*

#### **O Penedo Dos Tres Reinos**

O *Penedo dos Tres Reinos* é unha elevación de 1.025 metros de altitude, integrada no sistema montañoso da serra de Marabón, na fronteira entre os tres vellos reinos medievais de Portugal, Castela e Galicia. Existe unha fonte chamada “Os tres Reinos” que é onde acoden os gandos das tres localidades limítrofes.



*Penedo dos 3 Reinos*

É un símbolo que permanece vivo na pedra e na memoria, porque a realidade levou a continuar fomentando as relacións humanas e económicas.

O penedo sitúase na fronteira entre a freguesía de Moimenta, no concello de Vinhais (Portugal), o concello de A Mezquita, na provincia de Ourense (Galicia) e o concello de Hermisende, na provincia de Zamora (Castela e León).

En 1864, co trazado definitivo, realizado pola Comisión de Límites, das fronteiras entre Portugal e España, mantívose a fronteira de séculos nesta rexión. A pesar de que hoxe en día os tres reinos que dan nome á fraga aludida xa non existen (Portugal é unha república, e Galicia e León foron integradas no reino de España), a súa vella e secular designación mantívose inalterada.

#### **O Camiño De Santiago**

De todas as rutas que hai a Santiago, a que lle afecta ó Concello de A Mezquita é a denominada “Ruta da Prata” ou “Ruta Mozárabe”. É o gran camiño que une, desde tempos inmemoriais, a Península de norte a sur. Tartesios, fenicios, gregos, romanos, cartaxineses, galos, árabes, cristiáns, deambularon polas súas rutas milenarias.

A ruta da Prata iníciase en Galicia no alto da Canda (altitude 1.213 metros), onde hai unha escultura en forma de peregrino que invita a iniciar o descenso por unha cómoda pista. Pasados unha series de desvíos ben indicados chégase ao primeiro pobo galego, A Canda, coñecida como *A porta de Galicia*, por ser a porta de entrada a Galicia pola meseta castelá. Seguindo o camiño pásase ó lado da Igrexa se Xan Antonio.

Despois de pasar por prados, camiños asfaltados e estradas (a 525), e seguindo o chamado *Regueiro dos Santos*, chegamos ó pobo da Vilavella, cunha zona ben dotada de servizos. A travesía está marcada con cerámicas nos muros. Case ó final do pobo hai unha escultura que indica un camiño cun forte descenso.



*Escultura da Canda*

Este tramo do Camiño da Prata vai por zonas de prados en un punto do camiño hai unha zona de pradería que con seguridade estará anegado, porque así está a maior parte do ano, o peregrino encóntrase cunha pequena calzada, finalizando o sendeiro nunha fonte que xa pertence ó seguinte pobo, O Pereiro. A capela desta localidade ten unha importante transcendencia dentro da historia do Concello de A Mezquita, por ser un punto de encontro do Camiño da Prata coa Ruta da Pana (ou ruta Bragantiña).

En O Pereiro, o Camiño de Santiago cruza por todo o pobo, pasando por varias fontes. Xusto onde termina o pobo, o camiño pasa por un espazo denominado “O Xogo dos Bolos”, que antigamente usaban os veciños do pobo. Hoxe en día xa non se pode xogar debido a que o camiño está arranzado.

A partir da saída de O Pereiro comézase unha subida continuada que finaliza no Alto do Canizo, que xa pertence ó Concello de A Gudiña.

## **A Ruta Da Pana**

A Ruta da Pana ou a Ruta Bragantiña ten a súa orixe en Bragança (Portugal). Alí cultivábase e tecíase o liño en grandes producións, que servían para facer pana. Para a súa comercialización, o liño tiña como destino Barcelona, onde se confeccionaba para logo ser exportado ó Reino Unido. Esta ruta partía de Bragança, pasaba por Vinhais, Moimenta e cruzaba a fronteira hispano- lusa, entre os pobos de cádavos e Manzalvos onde existía unha

aduana, moi importante pola singularidade, ser o único paso fronteirizo do país dedicado ó paso da pana. Despois a ruta transcorría por Chaguazoso, pasaba polo centro do pobo de A Mezquita, xunto a Igrexa de San Martiño e o Campo do Toural, a Pena Maseira e xuntábase coa Ruta da Prata ó pé da Capela da Nosa Señora do Loreto en O Pereiro. Despois de seguir un tramo por esta vía, deixábana cara Viana do Bolo para chegar á Rúa e colle-lo ferrocarril cara Barcelona. Hoxe séguese a utilizar esta ruta por peregrinos portugueses da zona para enlazar coa Vía da Prata.

### **Pena Maseira**

Situada no extremo suroriental galego, na fronteira con Portugal e Castela e León. Localidades de referencia: Cádavos, Manzalvos, Chaguazoso e A Esculqueira (A Mesquita); Tameirón, Pentas e A Barxa (A Gudiña).

É unha zona de media montaña fronteiriza co Parque Natural de Montesinho (Portugal). Está cuberta en gran parte por torcales e conserva algún abedular e rebollares, principalmente nos arredores dos cursos de auga. Destaca pola presenza de poboacións estables de lobo e corzo. A altura máxima do espazo é de 1.460 m, sendo a media de 998 m. Este LIC ten un estado de conservación en xeral bo, aínda que sofre frecuentemente a acción dos incendios. A área pertence á rexión mediterránea, provincia carpetano-ibérico- leonesa, sector ourensán- sanabrés e subsector ourensán.

### **HÁBITATS**

Habitats de interese comunitario:

- Breixeiras secas
- Breixeiras oromediterráneas endémicas con Ulex
- Carballeiras galaico- portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica
- Bosques de Castanea sativa.

Destacan as extensas formacións de mato mediterráneo e os bosques de castiñeiros e carballos, que acollen unha interesante fauna.

Entre os invertebrados, destaca a presenza do cervo voante. Polo que se refire aos vertebrados, podemos encontrar réptiles como o lagarto verdinegro e a lagarta colilarga.

Da avifauna nidificante destacan aves rapaces como a aguiá culebreira europea, o aguiá, o aguiá, o falcón europeo, o falcón peregrino e o bufo real.

Outras aves reprodutoras son a pomba zurita, noiteboa gris, a meixengra, a totovía, o bisbita campestre, o merlo acuático, o reiseñor, o rabirrubio real, a collalba gris, o roqueiro, a curruca rabilarga, o vichelocrego, o picanzo dorsivermello, o picanzo real meridional, e a escribán campesiño. Entre as non reprodutoras, destaca a presenza ocasional de aguia real, críao europeo, carraca e picanzo común.

Entre os mamíferos, fai falta subliñar os morcegos, e a presenza estable de lobo e corzo.

### ✓ *Riquezas Históricas culturais*

#### **Os Castros Do Concello De A Mezquita**

A cultura castrexa é unha etapa cultural desenrolada durante a Idade do Ferro no noroeste peninsular, caracterizada por un conxunto de manifestacións técnicas, económicas, sociais, relixiosas, artísticas... propias dos pobos galaicos, que vivían en poboados denominados **castros**.

Durou máis dun milenio, que se pode dividir nas seguintes fases:

- *Finais do século IX ata o século IV a.C* Nesta fase inicial xeneralízanse os poboados fortificados.
- *Comezos do século IV ata o século II a.C.* Nesta fase media é cando aparecen novos modelos de ocupación do territorio, en ligazón con factores económicos de explotación agrícola.
- *Século II ata o século I a.C.*, coincidindo coas reformas flavias. Nesta etapa final, tamén denominada “*fase castrexo- romana*”, prodúcese en determinadas áreas unha reorganización consistente na concentración da poboación en grandes núcleos de asentamentos e unha xerarquización dos castros. A conquista romana sucedida nesta fase durante as Guerras Cántabras non supuxo a fin no desenvolvemento da cultura castrexa. Este fin sitúase máis adiante, na dinastía Flavia, coa modificación na estrutura social e económica. A partir de aquí comezaría o denominado período galaico- romano. Moitos castros abandónanse a favor das *villae*, aínda que outros continúan a ser habitados, aínda que moi influenciados pola cultura romana.

A sociedade castrexa era unha sociedade carente de Estado. Non existía unha autoridade superior que coordinase as accións dos distintos grupos sociais coa finalidade de manter a unidade do grupo.

Existe un certo equilibrio social entre os homes e as mulleres, pois estas posuían as terras, pero os homes podían ter outro tipo de riquezas, coma o

gando. Este equilibrio desaparece no mundo político, xa que nel toda a autoridade está nas mans dos homes. A sociedade castrexa era matrilineal aínda que patriarcal.

Esta sociedade podería describirse como unha estrutura formada por unha serie de círculos concéntricos nos que se situarían unha serie de grupos sociais seguindo o número de membros.

O castro é un poboado fortificado construído na Idade do Ferro polos pobos denominados galaicos polos romanos, situado en lugares elevados con contros estratéxico e visibilidade sobre a paisaxe circundante e que representa a primeira aparición dun asentamento permanente e estable, a maioría cunha economía de carácter agropecuario. Ten unha forma propia de espazo, arquitectura e urbanismo, con tendencia ás formas curvas. Defendido cunha ou varias murallas, foxos e parapetos que rodean a superficie habitable e cun ou varios recintos fortificados adosados ó principal. No interior había construcións domésticas cubertas con colmo destinadas á vivenda, alpendres, celeiros, almacéns, talleres, etc.

Coñécense preto dun cento de nomes de deuses castrexos, aínda que se descoñece se son todos distintos, ou se algún corresponde á mesma deidade, posto que podería darse o caso de que un mesmo deus ou deusa fose designado con distintos nomes segundo o *populus* na que se atopasen.

Do que si existe certeza é de que as prácticas relixiosas eran moi frecuentes, realizándose sacrificios de animais e mesmo de persoas. A relixión era un fenómeno social e os actos relixiosos constituían unha parte fundamental da estrutura social.

Dentro do Panteón castrexo existía unha serie de divindades que permiten establecer un paralelo entre a relixión castrexa e o folclore galego actual: son os **deuses do camiño**, coñecido co nome latino de *lares viales*. Son deuses de carácter funerario e están encargados de conducir as almas dos mortos ó alén. Téndeselles culto nas encrucilladas, onde se supón que converxen as ánimas dos mortos. Nelas erguéronse monumentos constituídos por unha columna rematada en dobre ou triplo face, na que se realizan libacións de aceite ou doutros produtos. Isto pon en relación co folclore actual da encrucillada, á que acode a Santa Compañía, agrupacións das ánimas dos defuntos que non están correctamente integradas no mundo dos mortos, xa que non están no Ceo nin no Inferno. Así mesmo, débese ter en conta a existencia da figura do cruceiro, columnas similares ás mencionadas anteriormente, aínda que coroadas por un crucifixo.

Actualmente coñécense 8 castros no concello de A Mezquita, todos ubicados na metade sur do concello e en altitudes superiores ós 1.000 metros.



Non todos os castros son iguais en ubicación, superficie, defensas e formas económicas de subsistencia, polo que non todos foron construídos no mesmo período histórico. Seis dos oito castros pódense considerar castros baixos ou de val. Son poboados ubicados en outeiros no medio dos vales ou preto deles, e así o indican a maioría dos topónimos. Estes castros teñen unha superficie máis pequena, defensas pouco monumentais, menor altitude e maior proximidade ós ríos, ás terras fértiles e pastos. Serían poboados cunha economía básica agro- gandeira e dependerían na estrutura social e na defensa de outros poboados situados a maior altura e máis complexos. Son castros da II Idade de Ferro, entre os séculos IV e o I d.C.

O **Cabezo de Chaguazoso**, con máis de 5Ha, conta cun grande control visual a longa distancia, e un complexo sistema defensivo de foxos e parapetos. Posiblemente tivo unha funcionalidade distinta á dos castros baixos, estaría máis relacionado coas actividades extractivas do estaño e co control das vías mineiras da zona.



*Castro: Cabezo de Chaguazoso*

O **Castelo de Santigoso**, o máis alto do concello e posiblemente un dos máis altos de Galicia, situado no medio da serra da Azoreira, con preto de 10 Has. de superficie, un gran control visual sobre a comarca, as terras zamoranas e portuguesas, e un complexo e monumental sistema defensivo de terrapléns, murallas pétreas, foxos e parapetos e pedras fincadas, ademais de ser un dos castros máis grandes de Galicia, debeu exercer un papel central de xerarquización do territorio e dos demais castros, non só dos castros de A Mezquita, senón de todo o territorio actual das Frieiras, a zona fronteiriza portuguesa e a zona zamorana ata o río Tuela.



## Danzas Das Cintas De Cádavos

Trátase dunha tradición anterior á Guerra Civil aínda que é evidente a pegada que o réxime franquista deixou na evolución das cantigas e versos que adornan o baile das cintas.

Máis alá da súa connotación política e social, cabe destacar o seu marcado carácter relixioso, pois todo comeza cunha procesión de santos

ós que se lle vai rendendo veneración con danzas e cantos ata chegar á igrexa. Logo faise a danza das trenzas coas oito cintas de outras tantas cores ás que cada unha recítaselle unha estrofa común tódolos anos, completada por uns versos que cada bailarín compón e recita segundo o seu inxenio; de aí a gran variedade de composicións que se poden atopar.



*Danza das cintas de Cádavos*

## A Festa Dos Reis

No referente a festas e costumes, pódese considerar a máis típica e tradicional a Festa dos Reis, que na actualidade lévase a cabo na maior parte dos pobos do Concello, sendo as de máis importancia as de A Mezquita e Chaguazoso. No resto dos pobos, ano a ano van realizando máis actividades, o que demostra a importancia desta festa no Concello.

En A Mezquita, destaca desta festa a característica da orixinalidade, pois cada día de celebración ten algo característico, algo que só se celebra e se leva a cabo ese día. Cada ano, os días 5, 6, 7, 8 e 9 de Xaneiro celébrase esta festa. Trátase dunha xuntaza de persoas durante os cinco días nos que se come, bebe, baila e se levan a cabo os actos típicos de cada día.

Os encargados e responsables da festa son o Rei e o Virrei, figuras que están nomeadas cunha anterioridade de dous anos. hai que destacar que o Rei é un home solteiro, e o Virrei é un casado, que no momento de ser nomeados póñenlles as coroas.

O calendario festivo en A Mezquita consta de cinco xornadas, que poden variar en nome e data:

- **Cantar os reis:** o primeiro día anúnciase a festa cantando coplas tradicionais diante das casas dos veciños.

- **O día de Pedir:** neste segundo día, os zamarreiros chaman ás portas dos veciños para pedir o aguinaldo. Os veciños adoitan axudar a festa con carne de porco, froita, licores ou mesmo diñeiro.
- **Os invitados:** terceiro día. Convídase a comer ós persoeiros do pobo (tradicionalmente o alcalde, o médico, o secretario e mailo cura) así como ós convidados dos participantes na festa e ós homes que deron un bo aguinaldo.
- **A corrida do galo:** no cuarto día, subidos a burros ou cabalos, os mozos da festa sacrificaban os galos, tirándolles da cabeza, mentres están pendurados dunha corda polas patas.
- **A Parranda:** quinto día. Faise unha procesión onde figuran un rei e un vicerrei, disfrazados con barba, coroa e capa. Pola noite noméanse ós reis para os dous anos seguintes.

Ademais, chámasele *oficio* á tarefa que teñen que desenvolver algúns membros da comunidade durante a festa: habitualmente son os máis novos ou aqueles que destacan por teren algunha habilidade concreta. Por exemplo, os que son bos tratantes son os encargados de comprar os galos. Sen o correcto cumprimento dos oficios sería totalmente imposible a realización da festa pois os reis non serían capaces de facelo todo. Para os máis mozos supón unha metáfora da súa incorporación activa á vida da aldea. Algúns oficios son o de zamarreiro, o de roubar as verzas, o de arrincar os torgos, o de camareiro ou o de burriqueiro.

Tamén é de destacar que tradicionalmente esta festa tiña un contido machista, ata o punto de que ás mulleres non se lles permitía participar en ningún dos actos propios da festa. Na actualidade, esta situación estase alterando, así, nalgúns casos se permite que as mulleres participen na súa totalidade, e noutros casos facendo festas de reis alternativas de mulleres.

No caso de Chaguazoso, a celebración dos Reis é similar á de A Mezquita, aínda que conta con algunha peculiaridade. Son catro días, e a pedir o aguinaldo van os *Pedidores* e a *Rita* (home disfrazado de muller). O último día da festa teñen o típico “*Botar as varas*” que así lle chaman ó feito de elixir ó rei e ó Virrei do ano seguinte. Tamén en Chaguazoso as mulleres fan a súa festa das Reinas, con comidas e tendo a súa reina e Virraíña.

Na Esculqueira tamén fan catro días de festa, pero ten a particularidade que aquí entre todo o pobo, nenos incluídos.

## Outras Manifestacións Histórico- Culturais

Ademais de todo o anterior, numerosas construcións populares, como muíños, estábalos, fontes, abrevadeiros, ... , comparten un espazo caracterizado pola esencia do rural enseñado case sempre pola presenza dalgún cruceiro.



Fotos de Autor:  
Fontes en A  
Mezquita



Forno de O Pereiro



Lavadeiro na Vilavella



Fonte de Chaguazoso



Fonte O Pereiro

### ✓ Tesouros arquitectónicos

O patrimonio arquitectónico abrande desde a época castrexa, como xa se viu, vestixios romanos e suevos e construcións medievais

## O Pazo de A Mezquita

Este pazo forma un corpo de planta rectangular cun patio exterior cerrado nos seus tres lados por un alto murallón onde se abre o gran portalón de entrada, no lado paralelo á fachada do edificio que cerra o patio. O pazo conta con tres prantas e está construído en sillería.





A fachada principal está orientada cara ó sur e é a que se abre ó interior do patio. Na organización da mesma, na súa pranta baixa destaca unha porta con arco de medio punto, con dovelas moi pronunciadas, e o seu intradorso con decoración de bolas. O arco está enmarcado con alfiz e cunha decoración similar á que hai na porta.

A planta principal presenta varios vanos rectangulares entre os que sobresaie unha ventá onde se reproduce a mesma decoración da portada e que leva sobre o dintel unha pedra de armas cos brasóns dos Losada. Unido ó edificio principal hai un corpo máis baixo onde estivo a cociña, cun escudo circular moi tosco coas armas dos Sarmiento e Cadórniga.



## Igrexas

A Igrexa de San Martiño data do ano 1712, e foi obra de Simón de Mosteiro. Posúe unha única nave e presenta fachada clásica con porta entre columnas e pilastras que sosteñen un piso. Sobre o frontón dous fermosos escudos coas armas dos marqueses da casa de Láncara. O conxunto remátase cunha robusta torre campanario. No interior hai un interesante retablo.



*Fotos de autor: Igrexa de San Martiño de A Mezquita. Á esquerda pódese apreciar un detalle dun lateral da igrexa, onde din que se puña un pasadizo para que os Condes acudises á Igrexa sen ter contacto coa xente do pobo*

Outras igrexas interesantes datadas no século XVII e con esculturas e retablos de recoñecidos artistas son as da Vilavella, Esculqueira ou Cádavos. A capela da Nosa Señora do Loreto no Pereiro testemuña o paso de peregrinos desde a beira da rota xacobeá.



*Igrexa de Manzalvos*



*Igrexa do Cristo e cruceiro da Vilavella*



*Igrexa de Chaguazoso*



*Capilla do Loreto en O Pereiro*

En Cádavos pódese admirar a Casa dos Ceballos, en Manzalvos o Pazo da Nosa Señora das Candelas e en Chaguazoso a Casa Reitoral, hoxe en día convertida en casa de turismo Rural.



Casa dos Ceballos. Cádavos



A Cerca, Chaguazoso

### ✓ *Outras cousas que ver*

O proxecto **Estacións** é unha iniciativa turística que pretende revalorizar as infraestruturas ferroviarias de A Vilavella (A Mezquita), Campobeceros (Castrelo do Val), Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Santa Cruz de Arrabaldo e Os Peares (A Peroxa), con novos usos culturais enfocados á parte máis humana, social e cultural, a través dun plan para convertelas en espazos de ocio, ecoturismo, turismo activo, natureza e cultura.

As antigas instalacións ferroviarias de A Vilavella acollen un centro de información turística sobre a provincia de Ourense, o sur de Galicia e o norte de Portugal, dada a súa proximidade á A-52, un albergue, que actualmente xa se encontra en funcionamento, e unha cantina histórica. Tamén oferta vivenda para xóvenes e disporá dunha área de autocaravanas con capacidade para quince vehículos.




O plan de actuacións persegue valorizar as infraestruturas ferroviarias para facer sostible o entorno que está conformado por varios Lugares de Interese Comunitario (LICs) como Pena Maseira, Pena Trevinca, o Macizo Central e o Río Támega. Pretende converter un cinturón de 12 kilómetro nun gran centro de ecoturismo, centro de turismo activo, centro de información e o reforzo da vía da Prata, creando un destino turístico, cultural, patrimonial, natural e de ocio de primeira orde cunha demanda crecente que contribúa a fixar poboación, crear emprego e vertebrar toda a provincia.



Instalacións ferroviarias restauradas, actual albergue. A Vilavella



Ademais, desde o 2009 está aberto o Hotel Spa Vilavella. Era unha antiga pousada, onde pararon Felipe o Fermoso e Xoana a Louca, cando anduveron por estas terras que se reconverteu nun acolledor establecemento con todas as comodidades posibles.





Nun entorno natural autóctono, de vexetación atlántica de alta montaña, **Espazo Os Tres Reinos** atópase inmerso nunha gran carballeira, con 5000 metros cadrados de espazo para a diversión.

Este espazo de ocio está promovido pola Asociación Os Tres Reinos en colaboración coa mancomunidade de montes de Santigoso, os cales cederon o terreo sobre o cal se asenta o parque.

Nesta área pódese atopar un centro de actividades que farán as delicias de maiores e nenos, xa que existen actividades diferentes para cada idade.

### Espazo de deporte na natureza "Os Tres Reinos" mapa de situación



Neste espazo ademais de disfrutar das instalacións deportivas presentes no espazo tamén se pode disfrutar de:

- Unha aula de interpretación natural.
- Xogos populares para nenos e maiores.
- Práctica de tiro con arco, tanto para nenos/as como para adultos.
- Rutas de sendeirismo e en bicicleta de montaña.
- Actividades interxeneracionais e medioambientais, realizadas nos invernadoiros e no local social da Asociación "Os Tres Reinos" (ver [www.ostresreinos.org](http://www.ostresreinos.org)).
- Visitas ao Patrimonio Cultural do noso concello e dos arredores.

- Facer pan artesanalmente no forno de leña dunha aldea próxima.
- Visita a muíños de auga.
- Visita ao asentamento castrexo de "O Castelo" en Santigoso (o 3º máis grande de Galicia).
- Cursos monográficos.
- Cursos de iniciación á escalada.

Pódese elixir as actividades que se segundo as idades e os intereses do grupo.

- \* Proxecto Educativo Horta -Escola.
- \* Rutas En Bicicleta
- \* Rutas A Pé
- \* Fornada De Pan
- \* Visita Ao Patrimonio
- \* Actividades De Reciclaxe, Compostaxe....
- \* Astronomía
- \* Escalada

As fins de semana hai que chamar para facer as reservas. Pódese facer visitas en grupo con reserva previa.

Os habitantes de Esculqueira decoraron a entrada ó seu pobo, pintando unhas pedras para darlle unha aparencia máis orixinal.



Tartaruga



verme

**Casa Quina** é unha casa rural situada na Mezquita; trátase dun caserón que foi rehabilitada cun grande estilo e elegancia á fronte do cal Quina e Loli ofrecen o seu mellor servizo e o seu trato máis amable.



Conta con 6 habitacións dobres con carto de baño.

Para facer reservas: Teléfono: **988 42 35 34**

## *Un alto no camiño*

Oferta Gastronómica e hostaleira

- Na localidade da Vilavella:
  - ✓ A Porta Galega: Cociña tradicional, especializados na *Terreira Á Porta Galega*. Conta con 38 habitacións. Teléfono: 988 42 35 58
  - ✓ Hotel Spa Vilavella. O tipo de cociña é tradicional galega con toque de autor. Está especializado en xornadas gastronómicas, caza, setas e castañas. Ademais conta con 26 habitacións dobres, de varias categorías. Teléfono: 988 59 42 42, [www.hotelspavilavella.es](http://www.hotelspavilavella.es) // [reservas@hotelspavilavella.es](mailto:reservas@hotelspavilavella.es)
  - ✓ O Carteiro
- Na localidade de O Pereiro:

- ✓ Don Pepe: O tipo de cociña é galega, especializándose no cocido, tenreira e bacallau. Conta con 12 habitacións. *Tlf 988 42 55 97// 988 42 35 58*
- ✓ O Carrizo: O tipo de cociña é galega, especializándose nas carnes á brasa. *Tlf 988 42 55 91*
- ✓ O Cazador: O tipo de cociña é caseira galega, especializándose nas ameixas, e no cocido galego. Ten sete habitacións. *Tlf 988 42 35 77*
- En A Mezquita
  - ✓ Casa de Turismo Rural. Casa **Quina**. Conta con 6 habitacións. *Teléfono: 988 42 35 34*
  - ✓ Café- bar Luís
  - ✓ Bar Montesinos
  - ✓ Pub Pilas
  - ✓ Pub Verano
- Na localidade de Chaguazoso:
  - ✓ Casa de Turismo Rural. Casa **A Cerca**. Conta con 7 habitacións. *Teléfono: 988 42 35 45 // 988 59 42 02.*
  - ✓ Taberna **A Fonte**
  - ✓ Café- Bar **Ton**
- En Cádavos
  - ✓ Café- Bar **Charo**
- En Manzalvos
  - ✓ Café- Bar **Antonio**